


A MISELA 2.0

Revista de divulgación da Responsabilidade Social Corporativa (RSC) da Confraría de Pescadores de Noia
Edición única de contido dinámico na web

Compromiso

RSC



CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA

RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)



ÍNDICE

- 3 PRÓLOGO- ROSA QUINTANA CARBALLO- CONSELLEIRA DO MAR
- 4 PROPÓSITO DESTA REVISTA- SANTIAGO CRUZ- PATRON MAIOR
- 5 ¿CÓMO COIDAR O NOSO MAR?
- 6 MOTORES FORABORDA ¿2 TEMPOS OU 4 TEMPOS?
- 7 PREVENCIÓN DE RISCOS: BOAS PRÁCTICAS
SAÚDE LABORAL NO MARISQUEO A PÉ
- 8 PROMOCIÓN SOCIAL
- 9 PROXECTO VALOBER.GAL: VALORIZACIÓN DO BERBERECHO
DA COSTA GALEGA
- 10 2018, ¡¡ NOVO RÉCORD DE FACTURACIÓN !!
- 11 MEMORIA DE ACTIVIDADES 1º SEMESTRE 2018
- 12 MEMORIA DE ACTIVIDADES 2º SEMESTRE 2018

A MISELA 2.0

REVISTA DE DIVULGACIÓN DA RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)-CONFRARIA DE NOIA
EDITA: A Confraría (XULLO 2018)
DESEÑO, MAQUETACIÓN e REDACCIÓN: A Confraría

Esta permitida a reproducción total ou parcial do contido desta revista, pero LEMBRA:

O medio ambiente é cousa de TODOS e unha tonelada de papel implica a tala de 15 árbores e o consumo de 250.000 litros de auga.

A Confraría de Noia é unha entidade socialmente RESPONSABLE e por iso recomendamos que antes de imprimir esta revista, por favor, comprobese que é necesario facelo.



Prólogo

Esta publicación é un reflexo do traballo da Confraría de Noia na posta en práctica da Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e unha mostra do desenvolvemento de accións que contribúen á innovación dos territorios costeiros e a acadar uns mares más sustentables a nivel social, económico e ambiental. Con esta ferramenta, a confraría de Noia dá un paso máis e amosa á cidadanía o significado deste concepto e, á súa vez, fai visible a súa cota de responsabilidade no desenvolvemento da súa contorna.

Unha responsabilidade da que o sector marítimo-pesqueiro galego é artífice e que vén practicando desde hai tempo, incluso desde antes de que este concepto tivese un nome e vén facendo con madurez, esforzo e con sentido do deber de coidar o seu medio de vida. Pois a RSC convértese en realidade a base de arrimar o ombro e niso é fundamental o traballo conxunto e as accións de responsabilidade. Porque o coidado dos mares e da súa contorna é compromiso de todos e iso é a RSC.

Escribía alá polos anos 50 o economista estadounidense Howard R. Bowen, coñecido como o pai da RSC, que esta "pode axudar aos negocios a acadar os obxectivos da xustiza social e da prosperidade económica creando benestar a un amplo rango de grupos sociais". Esa é a intención que nos debe mover ao unísono a todos na procura dun mar mellor.

Por iso valoramos iniciativas coma a desta revista da Confraría de Noia, xa que axuda a difundir e a por en valor todo este traballo de compromiso e boas prácticas que vén realizando o noso sector. Para iso e para conectar coa xente, a confraría de Noia bota man da idiosincrasia da súa zona.

O exemplo máis claro está no título da publicación: *A Misela 2.0*. Un nome, A Misela, que representa o marisqueo, pois é unha das zonas de Noia nas que os profesionais practican esta actividade marcada polo movemento dos rastros e cun selo maioritariamente feminino. Persoas que teñen no mar o seu medio de vida. De aí a importancia de desenvolver accións que axuden a coidalos.

Con esa misión, desde a Consellería do Mar presentamos no ano 2015 ás confrarías de pescadores a Guía de Responsabilidade Social Corporativa, realizada pola Xunta como ferramenta de xestión destes colectivos. Unha publicación que está á súa disposición na páxina web da Consellería e que marcou unha nova perspectiva de xestión para as confrarías de pescadores, co fin de establecer novos sistemas de xestión empresarial buscando a transparencia e o equilibrio entre as dimensións social, económica e ambiental.

Esta guía de RSC para confrarías é unha base que lles brinda recursos pensados para aportar valor á súa xestión e á súa vez impulsar o progreso continuo, un concepto que tamén abarca a RSC. Recursos cos que dan forma e visibilidade a boas prácticas que veñen realizando desde hai tempo e cos que manifestamos a vontade de construir un mar mellor e más sustentable, un mar más azul.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

Propósito desta revista

- A nosa Confraría xestiona, aproximadamente, 9.000.000 m² de dominio público marítimo-terrestre dos cales case 5.500.000 m² son produtivos e presta servizos a, aproximadamente, a 1.300 socios, 2.000 proveedores (socios e non socios) e a máis de 100 clientes, entre os que se atopan as principais conserveiras de Galicia.
- A suma e configuración de todas estas características convírtenos nunha entidade de incuestionable dimensión que debe ter, e ten, influencia en varios ámbitos na sociedade da nosa contorna, da cal somos plenamente conscientes e que nos obriga a actuar coa máxima responsabilidade para responder aos retos que se nos plantexan pola nosa actividade.
- Estes retos, que asumimos nas nosas tarefas, son os de responder cunha xestión sustentable ambientalmente, axudar ao benestar social das persoas coas que nos relacionamos e, como non, procurar a maior rendabilidade económica dos recursos que xestionamos e que desta se beneficie o maior número de persoas posible.
- Estes tres aspectos, ambiental, social e económico, configuran a ferramenta de xestión para as organizacións que é a Responsabilidade Social Corporativa (RSC), que ainda que é un concepto relativamente moderno que actualmente veñen practicando grandes, medianas e pequenas empresas, forma parte do ADN das Confrarías de Pescadores.
- Co obxectivo de dar visibilidade as nosas accións no cumprimento do nivel de compromiso coa RSC que temos asumido e de concienciar a todo o noso público de interese, editamos esta Revista dixital *A Misela 2.0*, que desexamos se convierta nunha publicación o máis participativa posible como vos pedimos na contraportada da mesma, porque a Responsabilidade Social é cousa de todos.
- Con esta modesta publicación pretendemos avanzar no desenvolvemento do compromiso coa RSC que temos asumido e que dará paso a novos proxectos, xa en marcha neste senso e dos que vos informaremos debidamente.
- Agardamos que sexa do voso agrado.

- Santiago Cruz
- Patrón Maior

¿Cómo coidar o noso mar?



Ranking dos elementos más perigosos para o medio mariño:

Pilas: Desprenden líquidos tóxicos e a súa esperanza de vida é de miles de anos.

Vidros: Opcionan cortes e lesións á fauna mariña durante miles de anos.

Botellas de plástico: Danan á fauna e á flora; a súa esperanza de vida é de 300 a 500 anos.

Latas: Causan cortes e pinchazos; a súa esperanza de vida é de 200 a 500 anos.


Briks: Provocan un desgaste que erosiona os organismos fixados ao fondo mariño e poden permanecer no fondo entre 25 e 50 anos.

Bolsas de plástico: Na auga fanse pasar por medusas e os animais mariños, ao tragalas, asfixianse. Aguantan de 35 a 60 anos.

Cigarrillos: Xeran graves problemas dixestivos á fauna mariña e aguantan 10 anos.

Para máis información visita: www.ecoembes.com





Motores foraborda

¿2 tempos ou 4 tempos?

Se te estás plantexando cambiar de motor foraborda, le isto antes:

Similitudes:

Ambos motores basean o seu funcionamento no mesmo ciclo termodinámico de catro etapas: admisión, compresión, combustión e escape.

Diferenzas:

O motor de 2 tempos completa as catro etapas en dous procesos: admisión-compresión como primeiro tempo e combustión-escape como segundo tempo. O motor de 4 tempos completa cada unha destas etapas por separado.

Para unha mesma cilindrada o motor de 2 tempos xera máis potencia, pero consume máis combustible e contamina máis

O motor de 4 tempos consume moita menos gasolina, o que se traduce en menor producción de gases, menor contaminación, son máis silenciosos e teñen maior vida útil.

**Desde a Confraría recomendámosche que aforres máis
e contamines menos.**

Para máis información visita: www.fondear.com www.nauticadvisor.com



PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS



- **GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS ISSGA. SAUDE LABORAL NO MARISQUEO A PÈ**

- Esta Guía, que pretende ser un manual fácil onde se indiquen pautas básicas para o traballo diario, é consecuencia dun traballo técnico e especializado, o "Estudo epidemiolóxico no marisqueo a pé", realizado no 2011 polo Equipo de Mediciña do Traballo do ISSGA, para o cal foi preciso realizar recoñecementos médicos individuais específicos sobre os riscos da actividade que fixeron posible chegar a uns resultados e conclusións para todo o colectivo.

É de gran valor o feito de que a información foi proporcionada por quenes mellor coñecen o sector: **as propias mariscadoras**. Relataron os seus problemas más frecuentes, describiron as suas tarefas e a organización do seu traballo, etc., quedando para os profesionais da medicina do traballo a análise dos riscos, a identificación e diagnóstico das patoloxías y a asociación causal entre ambos.

A alta participación no mencionado estudio (936 mariscadoras que supoñen o 24% da poboación en activo en Galicia amosa a boa acollida polo colectivo e permitíenos ter as claves para abordar as patoloxías más prevalentes e os seus factores determinantes.

- Podes descargar a guía no seguinte enlace:
- http://issga.xunta.gal/portal/contido/documentacion/publicaciones/area-tecnica/doc_0009.html





PROMOCIÓN SOCIAL



- Conforme ao noso compromiso coa sociedade do noso ámbito e mellora continua na prestación dos servizos, a Xunta Xeral da Confraría acordou o pasado 26 de decembro de 2017 constituir o Servizo de Promoción Social, mediante o cal:
 - Desenvolveranse programas de apoio dirixidos en forma específica aos asociados ou empregados e as súas familias inmersas en situación de maior vulnerabilidade, en risco certo de caída na exclusión social. Estes programas facilitarán a inmersión en contextos de igualdade de oportunidades, favorecendo a integración social dos asociados/as, empregados/as e as súas familias.
 - Asimesmo darase asesoramento e formación con especial atención a colectivos desfavorecidos, desempregados, parados de longa duración, xóvenes e mulleres que desexen integrarse no colectivo de mariscadoras/es.
 -
- **HORARIO DO SERVIZO:**
 - -Atención presencial (sen cita previa): Tódolos venres de 10:00 a 13:00 horas
 - -Atención presencial (con cita previa): Calquera día laborable de 10:00 a 13:00 horas ou de 16:30 a 19:00 horas.
 - Por teléfono: Chamando ao 981 820 200
 - Por e-mail: cofradia@cofradianoia.org



Compromiso RSC

PROXECTO:VALOBER.GAL

Valorización do berberecho da costa galega, mediante un marcador de identidade da súa orixe xeográfica (I+D+i)

Co obxectivo principal de dotar ao berberecho galego (*Cerastoderma edule*) dunha identidade propia e diferenciada no mercado como recurso sustentable, con financiación do Galp Costa Sostible, Consellería do Mar e Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), coordinación e asistencia técnica do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a colaboración das confrarías de Muros, Barallobre, Espasante, Cabo de Cruz e a Agrupación de Mariscadoras “Río Anllóns”, no ano 2016 comezan as actividades para desenvolver este importante proxecto de investigación solicitado pola Confraría de Noia.

Os resultados do traballo desta exitosa colaboración entre Administración (Consellería do Mar), Ciencia (Universidade Santiago de Compostela-USC) e Confrarías, foron presentados o día 20 de outubro no marco das III Xornadas Técnicas de Exaltación do Berberecho de Noia polo coordinador do proxecto D. Manuel Rey Méndez (USC) e o investigador (USC) D. Javier Quinteiro Vazquez concluindo, en resumo, que mediante análise foi posible diferenciar a poboación galega do berberecho (*Cerastoderma edule*), incluso de poboacións próximas (Aveiro, Portugal e Le Croisic, Francia), resultando así acadados os obxectivos plantexados:

Económicos: a) Garantir a trazabilidade, valorizando o noso berberecho fronte a outros de aspecto similar, pero de diferentes áreas xeográficas; b) Favorecer o rendemento económico do berberecho como produto de calidad, xerando un valor engadido por ser procedente do marisqueo nas rías galegas.

Tecnolóxicos: a) Desenvolver técnicas de vanguarda que permitan a diferenciación xenética do berberecho galego; b) Implementar novas tecnoloxías que permitan disponer de información de cara ao consumidor final.

Medioambientales: a) Potenciar a correcta xestión dos recursos propios evitando a introdución doutras especies que poidan afectar ás poboacións autóctonas, garantindo unha explotación sustentable, responsable e continuada do berberecho galego (*Cerastoderma edule*) como base fundamental da nosa economía.

Podedes acceder a toda a información do proxecto na páxina web da Confraría:
<http://www.cofradianoia.es/gl/anuncios/valober-gal-gl>





• **CARTA DE SERVIZOS DA CONFRARÍA**

• **INICIADO O PROXECTO**

- Cos obxectivos de mellora, participación, transparencia e garantías na prestación de servizos para os nosos socios e clientes, no mes de Outubro o equipo de traballo iniciamos os traballos do proxecto para implementar a Carta de Servizos da Confraría de Noia, segundo a metodoloxía da Xunta de Galicia.
- Logo de varias reunións do equipo están identificados todos os servizos a incluír na Carta e reunímonos coa Consellería do Mar, Cabido da Confraría e fixemos enquisas a pé de lonxas, para detectar as expectativas de todos os usuarios ao respecto de ditos servizos.
- Actualmente estamos avanzando na fase de establecemento de compromisos a cumplir e do sistema de suxestións, queixas e reclamacións e remataremos co dossier que hai que remitir á Xunta de Galicia para a aprobación da Carta e a súa posterior divulgación entre todos os usuarios dos servizos.





Compromiso RSC

2018

¡¡NOVO RÉCORD DE FACTURACIÓN!!

20.370.010,42 €



Berberecho	Kgs	Euros (€)
Berberecho 1ª	87.610,00	1.111.518,35
Berberecho 2ª	748.905,00	5.604.961,45
Berberecho 3ª	689.735,00	3.833.265,87
Berberecho 4ª	442.777,00	1.663.234,85



Ameixa	Kgs	Euros (€)
Ameixa Fina 1ª	3.598,20	241.682,01
Ameixa Fina 2ª	6.101,55	256.167,32
Ameixa Fina 3ª	35.314,20	828.415,55
Ameixa Babosa 1ª	63.326,72	1.104.398,27
Ameixa Babosa 2ª	142.604,40	1.722.131,36
Ameixa Xaponesa 1ª	347.777,75	2.759.605,34
Ameixa Xaponesa 2ª	125.541,00	1.180.264,55



Outras especies	Kgs	Euros (€)
Ostra (Unidades)	67.588,00	37.135,15
Navalla	105,00	1.050,00
Cangrexo Común	8.584,00	23.368,35
Anguía de río	280,00	2.812,00



MEMORIA DE ACTIVIDADES

• ANO 2018 (1º semestre)

Xaneiro:

-**Autorización marisqueiras:** habitual suspensión da campaña despois de Reis, para recuperar prezos ata o dia 29 e aperture do Plan de explotación de recursos específicos: navalla e longueirón.

Febreiro:

-**Marca de calidad Berberecho de Noia, Pesca Artesanal, Rías Gallegas:** Resolución de data 23 de febreiro da Oficina Española de Patentes y Marcas do Ministerio de Industria, Energía y Consumo de concesión de MARCA NACIONAL COLECTIVA.

-**Marzo:** Continua a campaña marisqueira con excelentes prezos de venda, inusuais para estas datas noutros anos, debido á regulación dos topes de capturas.

Abril:

-**Autorizacións marisqueiras:** Pecha o dia 19 unha campaña de resultados históricos, que nos sitúa no sexto lugar do ranking de facturación por lonxas en Galicia no ano 2017, malia o peche de 14 días en Outubro por presenza de biotoxinas.

-**Ese mesmo día 19,** recibimos a visita de Dna. María José Abad Clarés da ÁREA de ESTUDOS de ENESA e de Dna. Gema Chicharro Santos, da ÁREA de ESTUDOS de AGROSEGURO para coñecer "in situ" as nosas explotacións, co fin de continuar avanzando no estudo da liña de seguro subvencionado.

-**Marca de calidad Berberecho de Noia:** Seguimos coa campaña promocional e, apoiados pola Consellería do Mar, estamos presentes nas feiras gastronómicas de referencia europea en canto a calidad: Alimentaria (Barcelona), Seafood (Bruxelas) e Salón de Gourmets (Madrid) e nas que se dan cita os produtos e empresas de alimentación más importantes.

-**Início da actividade no Plan específico conxunto de libre marisqueo a pé das Confrarias de Muros e Noia,** para a explotación das praias de Esteiro e Castelo para os meses de Abril e Maio, solicitado en Novembro de 2017.

Maio:

-**Autorizacións marisqueiras:** Comezo dos traballos de arado, limpeza e eliminación de depredadores por zonas que se prolongarán ata o comezo da vindeira campaña.

-**Día 30:** Desprazamento do Patrón Maior e Secretarios á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Santiago, á unha entrevista co fin de iniciar os contactos previos para a solicitude de implantación dunha Carta de Servizos na Confraría, segundo a metodoloxía da Xunta de Galicia, de cara a facer más visibles e con maiores garantías para socios e clientes os avances na modernización, comunicación, transparencia, participación, mellora continua nos servizos e maior proxección da imaxe da Confraría.

Xuño:

-Centro de depuración e venda directa da lonxa de Testal: Levouse a cabo á súa ampliación ao dobre de capacidade debido a alta demanda amosada nos últimos anos.

-**Día 13:** Charla informativa na Casa da Cultura de Noia para presentación das conclusións do proxecto do GALP Costa Sostible "Plan de Libre Marisqueo". Deseño e Desenvolvemento dun Protocolo de coexistión entre as confraría da Ría de Muros-Noia, que permitiu a recuperación da explotación nos bancos de libre marisqueo de Esteiro e onde os membros do equipo de Interpyme, Tito Iglesias(economista)e Mercedes Fernández (socióloga) destacaron o éxito dunha experiencia que pode sentar un precedente en futuros proxectos para outras zonas marisqueiras.

-**Día 20 :** Reúñese a Xunta Xeral da Confraría para aprobación das contas anuais do ano 2017 que figuran publicadas na páxina web, aprobación do acordo de iniciar o proxecto da Carta de Servizos e aprobación do acordo de edición desta revista.

-**Día 26:** Entrevista en San Caetano coa Excma. Sra. Dna. Rosa Quintana, Conselleira do Mar e Ilma. Sra. Dna. Susana Rodríguez, Dra. Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, para presentación dos proxectos de Carta de Servizos, Seguro de Explotación, Revista A Misela 2.0 e diversos temas de interese xeral para a Confraría, todos eles acollidos pola Consellería do Mar con grande interese e disposición a apoiar o seu desenvolvemento.



MEMORIA DE ACTIVIDADES **ANO 2018 (2º semestre)**

Xullo:

- **Día 16:** Organización da Festa na honra da Virxe do Carme con pasarrúas da Banda de Música de Noia, Misa Solemne en San Martiño ás 11:00 h. cantada pola Coral do Liceo de Noia e procesión, continuando con diversas actividades e rematando con verbena na alameda.
- **Día 19:** Xuntanza con Noia Histórica e hosteleiros de Noia para presentación e difusión da marca Berberecho de Noia, Pesca Artesanal, Rías Gallegas e estudo da súa inclusión na oferta gastronómica da vila.

Agosto:

- -Continuan as labours de limpezas a pé e vixiancia a flote e os traballos de retirada de algas e depredadores por zonas.
- **Día 16:** Publicamos a oferta de emprego para a cobertura de 90 prazas para carga, limpeza e gardapescas de cara á vinteira campaña marisqueira 2018-2019.

Setembro:

- **-Día 10:** Apertura da campaña marisqueira 2018-2019 nas nosas autorizacions.

• **-Día 13:** Convidados pola Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación (FAO) á Conferencia "Tenencia e dereitos de acceso da pesca a pequena escala e artesanal", celebrada na República de Corea, onde o técnico da Confraría, Juan Gómez Blanco expón con éxito o noso modelo de xestión, que foi recoñecido e elixido para contribuir aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030.

- **-Día 20:** Outro ano máis, vémonos na obriga de suspender a campaña pola presenza de biotoxinas, retomando de novo a actividade o día 1 de outubro.

Outubro:

- **-Día 5:** Entrega das tarxetas aos 52 seleccionados para os novos permisos de explotación para marisqueo a pé, que comezan a actividade o día 8.
- **-Día 16: Proxecto Cockles:** Co propósito de recuperar e aumentar a produción do berberecho, así como os servizos que este molusco proporciona ás comunidades costeiras dos países implicados no proxecto (España, Portugal, Francia, Irlanda e Reino Unido, desprázase a Cork (Irlanda) a nosa bióloga Liliana Solís País para falar das ameazas por enfermidades que afectan ao berberecho (*marteilia*, etc.) e expoñer o noso modelo, como forma de xestión para combatillas.

• **-Do 18 ao 21: III Xornadas de Exaltación do Berberecho de Noia:** En colaboración coa Consellería do Mar, Deputación de A Coruña, Concello de Noia, Galp Costa Sostible, Sociedade Liceo de Noia e Museo do Mar de Noia, organizamos as III Xornadas de Exaltación técnicas e gastronómicas que comezan o xoves, 18 coa visita bancos marisqueiros e MasterClass no Liceo do cociñeiro Paco Roncero, continuando o venres, 19 co programa de radio en directo desde Noia da emisora Cadena Ser: "Hora 25" con Angels Barceló; o sábado 20, coas xornadas técnicas e, coa asistencia da Conselleira do Mar, entrega dos berberechos de honra a María Teresa Piñeiro Oca e Juan Alcalde Tubío, pola súa esforzada e exemplar traxectoria profesional e rematando o domingo, 21 cunha multitudinaria degustación popular de arroz e empanadas con Berberecho de Noia con donativo de 1€ a beneficio de Cáritas e Cruz Vermella de Noia.

• **Día 29:** Comezamos os traballos para desenvolver o proxecto de Carta de Servizos da Confraría, segurado a metodoloxía da Xunta de Galicia.

Novembro:

• -Recibimos visitas de varios centros interesados en coñecer o desenvolvemento das nosas campañas marisqueiras: Asociación Amicos, CEIP A. Rodríguez Cadarso de A Barquiña e Colexio Xaime Balmes.

Decembro:

- **Día 8:** Homenaxe da Agrupación de Marisqueo a pé á expresidenta Dominica Fernández Barreiro
- **Día 31:** Rematamos o ano con récord de facturación anual: **20.370.010.42 Euros**

A MISELA 2.0

- Ata aquí, polo de agora, chega o contido desta publicación que iremos ampliando na medida que nolo permitan as tarefas que temos que asumir na xestión do desenvolvemento da vindeira campaña e no servizo as/os socias/os.
- Será más fácil se contamos coa vosa participación achegando suxestións ou artigos relacionados coa RSC que nos permitan mellorar esta publicación.
- Podedes facelo enviando un correo a:
- cofradia@cofradianoia.org
-

-
- CONFRARIA DE PESCADORES DE NOIA
 - Avda. República Arxentina, 21
 - 15200 NOIA (A Coruña)
 - Tfno: 981 820 200
 - www.cofradianoia.es
 - www.berberechodenioia.es
 -



Confraría San Bartolomé Noia